



CATALÁN E GALEGO. DO COÑECEMENTO DAS LINGUAS Á CONVIVENCIA DAS CULTURAS¹

Sabela Labraña Barrero
Universitat de Barcelona

Eduard del Castillo Velasco
Universitat de Barcelona

Hoxe en día o debate entre as grandes tendencias sobre o futuro das linguas (homoxeneización fronte a diversidade) ocupa numerosos artigos, conferencias, congresos e todo tipo de foros relacionados co tema. Este debate vén motivado por unha banda, pola necesidade de comunicación entre falantes de linguas moi diferentes que impón o mundo globalizado; e por outra, pola urxencia de atopar solucións de convivencia, nas actuais comunidades multiculturais e multilingües, que poidan garantir a solidariedade e equidade entre os distintos grupos socioculturais que as conforman.

Neste panorama, coidamos que a reivindicación dunha lingua minorizada non pode quedar illada da defensa da cultura que a sustenta, e somos conscientes de que arestora unicamente unha fronte común pola preservación da diversidade pode ofrecer algunha garantía de supervivencia. Un dos grandes desafíos para a humanidade é a xestión desta diversidade a nivel global, pois o aumento constante do contacto lingüístico esixe a organización da intercomunicación en diferentes niveis: rexional, estatal, e planetario, tal como expón Albert Bastardas (2002).

O ser Catalunya unha comunidade plenamente multicultural, que amais constitúe unha minoría nacional, faina dobremente interesante como campo de estudio, polo que circunscibimos aquí o obxecto do noso traballo, centrándonos nun dos grupos que conforman a súa sociedade, o galego. Comezamos hai un tempo esta investigación cos inmigrantes galegos de primeira e segunda xeración (Labraña 1999, 2000), nos que puidemos indagar nas combinacións de factores que inducen a representacións negativas cara ao catalán,

¹ Esta comunicación inscribese no proxecto de investigación *La evolución de las sociedades plurilingües: representaciones, comportamientos y capitales lingüísticos* (proxecto BFF2002-01323), concedido pola Comisión Interministerial de Ciencia y Tecnología (CICYT) e dirixido polo catedrático Albert Bastardas, da Universitat de Barcelona.

así como nas que determinan actitudes favorables e comportamentos lingüísticos positivos.

Interésanos agora ver a situación dende a outra beira, coñecer as opinións e as actitudes que cara á cultura galega presentan un grupo de universitarios cataláns, estudantes de materias de Filoloxía Galega, sen ningunha vinculación familiar con Galicia, e intentar chegar ás representacións que teñen das linguas das minorías que forman a sociedade catalana. Consideramos tamén importante comprobar se o estudio das linguas peninsulares dentro do Estado español favorece o seu uso e contribúe, xa que logo, á súa normalización.

I. Presentación

Por máis que o noso estudio parte da realidade concreta dos pobos catalán e galego, como fontes de riqueza lingüística e cultural e como comunidades que poden acadar niveis proveitosos de arriquecemento mutuo, queda claro que o noso interese vai máis alá das relacións bilaterais entre elas. En traballos anteriores (Labraña 2002) comentabamos a incapacidade ou o desinterese do Estado español, na creación dunha verdadeira sociedade intercultural² respecto aos diferentes nacionalismos minoritarios que o compoñen. Pois ben, arestora a incorporación constante de novos grupos de inmigración e a falta de fórmulas de convivencia que garantan a plenitude de dereitos e a igualdade dos individuos supera o ámbito da *política interior* para esixir cada vez con máis urxencia a posta en marcha dunha eficaz política de diversidade cultural que inclúa a totalidade dos grupos actuais e que dea cabida aos que aínda están por chegar.

A preocupación por atopar solucións de convivencia plural xa tivo respostas en diferentes países como Suecia, Canadá/Quebec ou Australia³, e levou á Unesco a elaborar os *Informes mundiais sobre a cultura* nos que se pon unha atención especial na descriminalización dos conflitos e na súa reorientación como forza productiva en vez de destructiva. Todas estas experiencias de políticas multiculturais constitúen un referente sólido para os países que arestora non tomaron decisións ao respecto, aínda que, como expón Isidor Marí (2002: 7) é preciso que cada sociedade atope modelos propios e solucións orixinais na xestión da súa diversidade. E a procura deses modelos ten que partir das circunstancias específicas de cada comunidade.

Neste senso, Catalunya presenta un ecosistema inestable cun alto grao de complexidade: é minoría nacional, historicamente receptora de inmigrantes do estado español, entre estes doutros nacionalismos minoritarios, e receptora tamén de inmigración *extra-fronteiriza*. Se nuns e noutros casos a integración⁴ se leva a cabo a través da lingua española —como aconteceu

² Concebimos a interculturalidade na liña de García O'Meany (2002: 77) que incorpora unha perspectiva dinámica das culturas: "A proposta intercultural céntrase no contacto e a interacción, a influencia mutua e a mestizaxe cultural".

³ Ver *Informe per al debat. Una política intercultural per a les Balears?* (Marí, 2002), documento no cal Isidor Marí nos ofrece con notable precisión unha proposta de política intercultural para as Illas Balears, e no cal se recollen as solucións de diferentes países así como os informes da Unesco.

⁴ Falamos de integración opoñéndoa deliberadamente ao concepto de asimilación. Na integración, a aprendizaxe da lingua común e a participación de pleno dereito na vida política e social, non implica a desaparición das culturas propias dos grupos.

durante anos— isto suporá unha ameaza para a cultura minoritaria do país de acollida, pois dela resulta un reforzo da lingua e da cultura dominante en detrimento da catalana⁵. Á inestabilidade do ecosistema contribúe tamén a inmigración de América Latina, que obviamente se incorpora en castelán. A integración dos inmigrantes na cultura dominante é un fenómeno xeral nos diferentes países do planeta, xa que “polo xeral ofrece unha maior mobilidade e unhas mellores oportunidades económicas” (Kymlicka 2000: 323).

Manter o equilibrio do ecosistema catalán esixe un cambio desta tendencia favorable ás linguas dominantes, tanto na intercomunicación da vida diaria, coma nas institucións, e precisa dunha política multicultural clara e definida. No ámbito educativo, por exemplo, a Administración non pode facer recaer a responsabilidade nos Centros ou no propio profesorado, faltos de liñas de actuación a seguir. Durante anos, en numerosas Escolas, mesmo de inmersión, os alumnos que proviñan de culturas moi diferentes e con linguas afastadas igualmente do castelán e do catalán, eran atendidos en horarios especiais e iniciados na lecto-escritura en castelán, malia logo reincorporárense aos seus respectivos grupos en catalán. Este tema constitúe en si mesmo un obxecto de estudio que abordaremos en traballos sucesivos.

É pois urxente a procura dun modelo de xestión da diversidade cultural en Catalunya, e esta tarefa é responsabilidade conxunta de todos os estamentos e todos os cidadáns. Parécenos importante nesta procura observar as representacións e as actitudes dos estudantes autóctonos sobre as linguas e as culturas dos grupos de inmigrantes, e ver en que medida as actitudes e outros factores determinan o comportamento lingüístico. Levaremos a cabo este estudio a través do discurso, pois “o discurso convértese nun dos indicadores máis adecuados para inferir calquera tipo de ideoloxía [...] xa que é o seu medio de expresión por excelencia” (Iglesias 2002: 21).

II. Metodoloxía

1. Perspectiva

Ao decantármonos por facer o estudio a través do discurso, a perspectiva metodolóxica é necesariamente a cualitativa. A técnica utilizada foi a da entrevista en profundidade⁶, técnica conversacional aberta que concede a palabra ao informante quen, provocado polas preguntas do entrevistador, xera un discurso máis ou menos espontáneo. Partimos dun guieiro inicial en torno a unha serie de temas, que se vai concretando ao longo do diálogo nos aspectos máis relevantes mediante aclaracións dos puntos controvertidos ou matizacións doutros que xorden no propio proceso. Así non só tentamos acceder ás opinións e actitudes explícitas dos nosos informantes, senón tamén ás implícitas, tanto ou máis informativas. Por moito que o tema pareza moi trillado e de dominio xeral, a explicitación discursiva das representacións ou mesmo das actitudes resulta dunha dificultade inmensa que chega a un alto grao exponencial nas identidades.

⁵ Tema tratado no estudio sobre a primeira xeración de inmigrantes en Catalunya (Labraña 1999).

⁶ As vantaxes deste tipo de técnicas de metodoloxía cualitativa, xa empregadas por nós nas investigacións anteriormente citadas (Labraña 1999, 2000) pódense ver en Ruíz Olabuénaga (1996: 155) e en Iglesias (2002: 49).

Os temas de partida son os seguintes:

- T1. O entorno familiar: orixe e movementos migratorios
- T2. Lingua habitual en diversos entornos
- T3. Actitudes e comportamentos lingüísticos en actos comunicativos concretos: Inicio en catalán, inicio en castelán no seu inicio, no traballo cotián
- T4. Estudos de galego: Motivacións, achegas que lles supuxo, solidariedade con Galicia e a súa cultura, aumento do compromiso coa cultura propia
- T5. Identidade/s
- T6. Ideas sobre a integración: Preservación da cultura vernácula, das dúas culturas oficiais ou interrelación de culturas. Papel da lingua no proceso
- T7. Modificacións na percepción das linguas doutras minorías
- T8. Posicionamento sobre a organización dun estado multicultural
¿Que lingua de relación entre as diferentes comunidades?

As conversas desenvolvéronse integramente en catalán por ser a lingua habitual ou opcional dos informantes. Os fragmentos ilustrativos que presentamos foron todos traducidos por nós ao galego.

2. Informantes

Para desenvolver a nosa investigación precisamos estudantes de materias de Filoloxía Galega (Lingua Galega e outras), nados en Catalunya, sen vencellamento familiar con Galicia. Todos eles alumnos de Filoloxía da Universitat de Barcelona en diferentes licenciaturas: Catalana, Hispánica, Inglesa e Alemana, con idades comprendidas entre os 20 e os 30 anos. Un total de 10 persoas (tres nadas en Barcelona e sete en diferentes poboacións), oito rapazas e dous rapaces de orixe familiar diversa, que distribuímos en tres grupos: 4 fillos de inmigrantes (en adiante FI), 5 fillos de cataláns (FC), e 1 mixto (FM), un dos pais catalán e o outro de fóra. Referirémonos aos grupos unicamente nos apartados que o requiran porque haxa diferencias significativas entre eles; de non ser así o tratamento será xeral. Todos eles quedarán identificados polas súas iniciais (nome e apelidos)⁷.

3. Estructura

Logo do resumo, unha presentación, na que ampliamos algúns dos obxectivos e xustificamos as nosas bases. Seguidamente expoñemos brevemente a metodoloxía empregada, e pasamos a análise das conversas que estruturamos en cinco apartados:

⁷ Agradecemoslles profundamente a todos a súa colaboración.

- A1. Motivacións para estudar galego.
- A2. Activación de consciencias: cambios na percepción das linguas das minorías nacionais do Estado español.
- A3. Opinando sobre a integración. O complexo espacio dos novos grupos de inmigrantes.
- A4. En casa de todos e en terra de ninguén: identidades.
- A5. “Els cataláns som bilingües, Catalunya no” Conxugando opinións, actitudes e usos.

Finaliza o traballo co cabo e a bibliografía citada.

III. Análise das conversas

1. Motivacións para estudar galego

Veremos neste primeiro apartado cales son os intereses que favorecen a matrícula dos estudantes en materias de Filoloxía Galega, dos que consideraremos unicamente aqueles que teñen que ver co ámbito da nosa investigación⁸. Así, a condición de minorización do catalán (1), o afán por compartir a lingua do interlocutor (2), a proximidade de Galicia (3), e a consciencia de pertencer a unha comunidade plurilingüe (4) configúranse como as principais razóns que xustifican o interese destes universitarios na cultura galega.

A consciencia de falar unha lingua minorizada perfílase como un dos criterios de selección. En xeral detéctase unha valoración moi positiva respecto da posibilidade de coñecer múltiples linguas no ámbito universitario.

Había un abano de linguas para escoller e eu decidín que escollería galego, pensei que era interesante que se eu era dunha lingua minorizada, se o inglés o podía conseguir por outros canais, ou de feito xa o tivera na escola, que puidese aprender outra lingua minorizada dentro da universidade. Pareceu-me interesante como proba (SPS).

Mais este criterio non supón un desexo explícito de coñecemento antropolóxico ou identitario da cultura autóctona, senón que nalgúns estudantes cumpriría exclusivamente unha función comunicativa.

Gustaríame que unha persoa que se dirixise a min... faríame moita ilusión poderlle contestar na súa lingua (AJQ)

Sen embargo noutros casos, o feito de ser Galicia unha comunidade próxima e que forma parte do Estado no que viven induce a un interese de coñecemento da realidade galega. A lingua aquí aparece como o vehículo idóneo para adentrarse nunha nova cultura.

⁸ Non entramos, xa que logo, nos estrictamente académicos como poden ser o interese eminentemente filolóxico, ou mesmo a pertinencia de horarios, necesidade de créditos, etc.

A min interésanme cousas de Galicia que teñen que ver moito coa súa realidade social ou coa súa forma de vida, e penso que unha forma de vida, ou sexa, para entrar un pouco, pois a lingua é unha vía moi rápida de facelo [...] Eu estudio galego por unha proximidade e porque me interesa persoalmente (PSJ)

Algúns dos nosos entrevistados atribúen o seu interese noutras comunidades á apertura de pensamento e de sentimento que se lle supón a un país plurilingüe e que, na súa percepción, non se daría na parte monolingüe do territorio español.

Os de Palencia falan castelán e quizais inglés ¿non?; e os de Bilbao falan éuscaro, castelán e inglés; e os de aquí falamos catalán, e somos como máis, quero dicir, eu sempre tiven moito interese no País Vasco, por exemplo, ou en Galicia. Os outros [os casteláns], non, son como máis seus. Eu coido que o carácter cambia [...] polo feito de estar exposta a máis linguas. (MJRR)

[E estar exposta a máis linguas implica necesariamente estar exposta a máis persoas] Temos aquí unha valoración ben positiva da sociedade diversa e do contacto dos diferentes grupos, tamén expresada no fragmento anterior. As ideas que se extraen destes discursos e que consideramos moi importantes son dúas. A primeira é a apertura cara *aos outros*, que non son percibidos como algo perigoso e contaminante co que non se pode entrar en contacto (sentimentos base do racismo e da xenofobia), senón como algo susceptible de enriquecemento mútuo. A segunda é a percepción de que a relación *co* outro pode dar lugar a unha transformación da realidade.

2. Activación de consciencias: cambios na percepción das linguas das minorías nacionais do Estado español

Logo de constatar as motivacións, daremos conta neste apartado dos efectos, para nós máis relevantes, que o coñecemento das características lingüísticas e sociais do galego produciu no alumnado. En primeiro lugar, **a conciencia de que é unha lingua viva** e, xa que logo, que dá soporte a unha cultura viva. Esta percepción previa do galego como lingua *estancada* non deixa de sorprender se temos en conta a importante actividade que se vén desenvolvendo nos distintos espazos galegos de Catalunya⁹. A explicación podería estar na escasa difusión de toda esta vida cultural a través das canles comunicativas maioritarias, polo que a súa recepción debe quedar restrinxida a persoas relacionadas ou especialmente interesadas no mundo do galego.

Que te decatás de que hai máis linguas [na mesma situación ca nós], e por qué non convivir todas. [...] Porque aquí todo o mundo di: é que alí no País Vasco ningún fala vasco... Sen embargo, ves un inglés pola rúa e fala inglés... Pero galego eu non oín ningún pola rúa, e menos en Figueres. E quizais pensas que están

⁹ Conferencias, actos e festas dos distintos Centros e Asociacións Galegas en Catalunya, teatro, concertos, portais electrónicos, revistas e programación fixa de emisións de radio en galego, gran parte delas asociadas e coordinadas por ERGAC (Espacios Radiofónicos Galegos en Catalunya) <http://www.ergac.com>.

moi extinguidas [galego e éuscaro], e daquela estudias a gramática, estudias o léxico, que ten a súa cultura, e decátaste de que non, de que á parte de nós hai outros. (DMP)

E do coñecemento da lingua ao interese pola cultura e pola xente. Intérese que mesmo dá lugar a sentimentos solidarios de reivindicación das linguas ameazadas dentro do territorio español.

Evidentemente. Evidentemente, cando aprendes a lingua dun pobo enténdelo máis, ¿non? Enténdelo máis, podes pensar máis no seu carácter, en cómo describen as cousas, en por qué as nomean deste xeito. (SPS)

Non querer unha cousa individual para ti... de defender o catalán, senón de defender todas as linguas minoritarias dentro de España. Non só defender a túa lingua, senón todas as linguas, non só a túa ¿sabes? (DMP)

Queda claro unha vez máis que o coñecemento é unha medida de alto rendemento no cambio das representacións "Queremos a quen coñecemos ou, alomenos, coñecer é unha condición necesaria para querer, sexa cal sexa a acepción que lle deamos ao termo" (García O'Meany 2002: 39).

Pero non só se derivan vantaxes para *o outro*, senón que tamén se produce unha revaloración do propio, neste caso da lingua.

O que eu vin é que se cadra o catalán está máis fixado, ¿non? Ten unhas normas máis fixadas, tamén hai máis xente que o fala. En troques o galego é como moi minoritario e tampouco está seguro, ou sexa, non está todo fixado, está así un pouco aínda, estase a facer. (MJRR)

3. Opinando sobre a integración. O complexo espacio dos novos grupos de inmigrantes

Falamos de novos grupos de inmigrantes para referírmonos aos grupos de procedencia externa ás fronteiras estatais. De feito os nosos informantes FI, nados en Catalunya, aluden ben pouco á condición de inmigración das familias respectivas. Pola contra os FC si que consideran inmigrantes tanto os procedentes do estranxeiro coma os do Estado. Trataremos agora de ver as opinións e as actitudes destes estudantes cara a eses grupos e constatar a percepción sobre o grao de intercambio que hai entre as diferentes comunidades que compoñen a sociedade catalana.

Con tanta inmigración si que periga un pouco a nosa cultura [...]. Chegará un momento que se vai chegando xente de fóra, xuntaranse por comunidades e cómo lles podes ti dicir "anem a fer un castell aquí, després toquem no-sé-què, i després anem tots a Montserrat i vivim la nostra cultura catalana. (CMV)

O feito de que haxa tantas comunidades fai que se perda un pouco o que é propio de aquí ¿sabes? Quero dicir, a xente non sabe o que é propio de aquí e a xente que é de aquí comeza a perder o que é propio de aquí. (MCA)

Como se ve existe preocupación porque unha masiva afluencia de inmigrantes poida conducir á perda das características propias da cultura do país. Agora ben, hai que puntualizar a concepción de “cultura do país”. Para os FC e parte dos FI é, sen dúbida, a catalana. Sen embargo para o resto é un modo de vida máis amplo, occidental e liberal. Con todo, o que non se aprecia nos seus discursos son imaxes xenófobas ou racistas.

Con respecto á idea de integración observamos unha tendencia a un pleno establecemento no país de acollida, pero sen que iso supoña a eliminación total dos costumes dos diferentes grupos. As vías que se consideran máis axeitadas para acadar esa inclusión ideal na vida catalana son a lingua e mais os costumes.

Supoño que tamén, a parte de amosarlles o que é a lingua, amosarlles os costumes que hai aquí en Catalunya, pero claro, amosarlles os costumes non quere dicir que teñan que substituír os seus costumes polos nosos [...] Porque se eles queren que respectemos a súa cultura, tamén teñen que respectar a cultura onde chegan. (MCP)

Ponse unha especial énfase en evitar conflitos, para o cal é preciso un tempo de adaptación previa durante o cal os individuos se sintan acollidos e tratados con xustiza social. Esta demanda reconece a Will Kymlicka como un elemento básico de xustiza para os inmigrantes “recoñecer que a integración non se produce de forma inmediata, senón que é un proceso longo e difícil que avanza a través de xeracións” (Kymlicka 2003: 46)

Home, eu penso que un pouco de integración tería que haber, coa comunidade que é autóctona, ou sexa, os cataláns. [...] O que eu quería dicirche antes é que chegan en castelán e cando están integrados aprendan o catalán. (MCA)

Eu supoño que alí en Figueres vén xente de fóra e ao ser pouca xente e ao vir supoño que poucos, sempre fixeron un esforzo [...] Se vén, por exemplo, un árabe ou algo falaranlle en catalán e o árabe acabará falando catalán [...] A xente cambia de opinión ao ver que eles se esforzan, conseguen traballo, falan catalán, os fillos van á escola... (DMP)

Entre os FC hai quen pensa que a inmigración española de posguerra non se chegou a integrar (sobre todo a nivel lingüístico) e que isto vai dificultar a dos novos grupos.

Se ti chegas a un sitio e ves que outros moitos non están integrados, tampouco te integras. (DMP)

Como sempre fomos un pobo receptor de todos os pobos que veñen, que foron benvidos [...] supoño que vai ser moi difícil a integración, e sobre todo coa forte inmigración que houbo de xente de Andalucía, de Murcia, de Extremadura. (MCP)

Semellante ao que acontecía co galego, estes universitarios cataláns

amósanse receptivos a outras xentes e a outras culturas, respectuosos con elas, e preocupados polos conflitos que poida xerar o contacto e a situación na que viven. O que nos parece moi positivo é que non se pensa nunha asimilación, aínda que se dan moitas vacilacións e moi poucas respostas á hora de imaxinar fórmulas de integración.

4. En casa de todos e en terra de ninguén. Identidades

Consideramos ineludible nun estudio deste tipo adentrarnos no eido das identidades, pola interdependencia entre identidade e lingua, de xeito que a modificación da identidade pode supoñer cambios no comportamento lingüístico, e viceversa: “A lingua ten a marabillosa particularidade de que é a un tempo factor de identidade e instrumento de comunicación [...]. É vocación da lingua seguir sendo o eixo da identidade cultural, e a diversidade lingüística o eixo de toda diversidade” (Maalouf 1999: 159-160)

Na expresión das identidades apreciamos notables diferencias segundo a procedencia familiar. Observamos nos FI e nos FM un desconcerto notable na adscrición a uns grupos determinados; non se senten plenamente españois nin tampouco plenamente cataláns. Para eles a lingua autóctona funciona como un factor identitario, sen o cal é difícil sentirse plenamente catalán.

Con Catalunya realmente non me identifico. Non me acabo de identificar porque o catalán non é a miña primeira lingua. (PSJ)

Non sinto un forte vínculo cultural con Catalunya [...] pero tampouco me sinto moi vinculada á terra da miña nai [Cantabria]. (MCA)

Un desconcerto ás veces motivado por un sentimento de acorralamento entre correntes percibidas como excluíntes e que obstaculizan a expresión do sentimento identitario. “O que determina que unha persoa pertenza a un grupo é esencialmente a influencia dos demais; a influencia dos seres cercanos —familiares, compatriotas, correligionarios—, que queren apropiarse dela, e a influencia dos contrarios, que tratan de excluila [a persoa]” (Maalouf 1999: 37)

Se digo que son catalana exclúo que son española; se digo que son española, xa nin che conto, porque estás a dicir que es unha facha. (AJQ)

Os FC, pola contra, din ter en xeral unha única identidade catalana, aínda que recoñecen que para eles España é unha realidade máis achegada que calquera outro país. O vínculo, sen dúbida, é a lingua. Só un dos casos, un rapaz orixinario de territorio fronteirizo con Aragón, catalán, afirma que para el o Estado é unha entidade administrativa aglutinadora de pobos que non lle interfere nos factores identitarios.

Eu síntome catalán, pero son un catalán que non son excluínte, teño moi claro que son dos Perineos, que son dunha terra amais de fronteira, dunha comarca

que a metade está en Catalunya e a metade está en Aragón e xa que logo a miña identidade en si vén definida un pouco por isto [...] participo de dúas realidades diferentes, que poden ser a aragonesa e mais a catalana, e este feito fai que eu teña unha propia [...] unha cousa non nega a outra. (SPS)

Constatamos de novo a dificultade extrema das persoas para definir a/as súa/s identidade/s, pero ata agora non nos tiñamos atopado coa indefinición que vemos nos membros dos grupos FI e FM, dos que se esperaría a expresión dunha identidade complexa, sumatorio da catalana, española, procedencia dos pais..., ou nun sentido máis amplo a poliidentidade que propón Edgar Morin: “Na era planetaria, todo o mundo pode e debe cultivar a súa poliidentidade que permite incorporar nela a integración das identidades familiar, rexional, étnica, nacional, relixiosa ou filosófica, amais da identidade continental e térreste” (Morin 2002: 93).

5. “Els cataláns som bilingües, Catalunya no”¹⁰: conxugando opinións, actitudes e usos.

Pretendemos dar conta neste apartado do comportamento lingüístico destas universitarias e universitarios cataláns en diversos contornos e ver se se dan semellanzas ou discrepancias segundo os grupos de orixe e o entorno.

– Familiar e cotiá

É neste contorno onde aparece a principal diferenza de comportamento lingüístico dos grupos. Os FC falan sempre en catalán, os FI, en castelán e os FM empregan as dúas linguas, unha con cada proxenitor. Fóra da casa adoitan empregar máis catalán ca castelán; agás dous do grupo FI que optan pola lingua que se fale no contexto.

a miña lingua é a castelá e cando falo con persoas que falan catalán, pois falo en catalán; cando falo con persoas que falan castelán, falo castelán. (PSJ)

a min gústame achegarme. Se ti falas catalán, ¿por que eu non che podo falar catalán? E se ti te atopas cómodo falando catalán, pois eu fago que ti te sintas mellor. (AJQ)

– Con interlocutores que non falen catalán

Ante un interlocutor non-catalán falante (nunha situación na que eles comezan falando catalán e se lles responde en castelán), todos os grupos tenden á converxencia lingüística co castelán, pero con diferente acento.

¹⁰ Transcribimos en orixinal a afirmación dunha das nosas informantes, por reflectir, ao noso entender, a situación lingüística de Catalunya. Aquí unha persoa castelán-falante pode ser monolingüe, como de feito acontece en moitos casos. Pola contra, non é habitual que un catalán-falante se poida manter monolingüe.

Nos FI o cambio de lingua é automático. Os argumentos que sustentan este cambio son os fins comunicativos e a consideración de sinal de boa educación.

Penso que é mellor para a comunicación, é que, a ver, Catalunya ten este problema, que non quere cambiar [...] Ben, pois si, é a túa lingua, e se a falas, se a falas ti só, non falarás con ninguén. Quero dicir que para falar, para estar coa xente, para entenderte coa xente, tes que te pór en contacto... a ver, as linguas son para entenderse, son para entenderse. (PSJ)

Si que creo que é de boa educación [...] porque ti non sabes, cando estás a falar cunha persoa, se tivo tempo para aprender o catalán ou simplemente fala castelán porque non lle dá a gana falar catalán. (CMV)

Por outra banda, os FC mantéñense nunha clara actitude diverxente (non cambian á lingua do interlocutor), mantendo a lealdade coa lingua propia. Só se producirá o cambio cando non haxa intercomprensión.

Só no único caso de que alguén me diga “oe, mira, non o entendo, porque hai un mes que cheguei. (SPS)

Pero poida que sexa unha persoa española que chegou hai pouco e non ten por que saber o catalán, aínda. E moito menos falalo fluidamente. (DMP)

A diferenza de perspectiva é salientable. Nos FI advírtese un comportamento individualizado que lles impón unha imaxe persoal: persoas ben educadas, preocupadas polos outros, solidarios. Os FC, pola contra, exhiben un compromiso coa lingua e co país que lles obriga, a risco de ser tildados de maleducados ou impositivos, a manter a comunicación na lingua vernácula. De feito só conciben a non comprensión en circunstancias de paso ou de pouco tempo de estada.

– Cos inmigrantes

Nos mais dos casos a lingua empregada na interacción cos inmigrantes é o castelán, agás no caso de o interlocutor suxeito iniciar o acto comunicativo en catalán. As razóns esgrimidas para tal comportamento baséanse nunha especie de sentimento de protección, coa intención de facerlles máis doada a adaptación e non lles pór máis atrancos dos que xa teñen. Amais, existe a convicción de que todos os inmigrantes veñen sabendo castelán, ou con noções básicas desta lingua.

O que eu non entendo é certa actitude de certa xente que pretende que unha persoa que leva un mes aquí saiba as dúas linguas, ou saiba o catalán. Saberá a que mellor teña aprendido, e normalmente é o castelán. (MCA)

É moito máis doado vir con castelán, porque te podes mover por máis sitios. (MCA)

IV. Cabo

É unha característica da época actual a emerxencia simultánea de procesos diversos, moitos dos cales se nos aparecen como contradictorios. Economía globalizada, tecnoloxías que favorecen a intercomunicación a escala planetaria, deprezamentos continuos de poboacións que dan lugar á formación de sociedades multiculturais... prodúcense en paralelo a movementos localistas e rexionalistas, os cales desembocan en reivindicacións nacionalistas —as minorías nacionais loitan cada vez máis pola súa afirmación—. Estas contradicións, como representacións mentais que son, existen só na mente de quen as vive así, e sitúa as súas observacións dentro do paradigma tradicional (varias verdades ou realidades non poden existir sen excluírse mutuamente). Mais hai xa algúns anos que o novo paradigma sistémico, que emerxeu en diferentes ámbitos do coñecemento, propugna un pensamento diferente, holístico, non reduccionista nin excluín-te, que supón un cambio na organización social, de xerarquías a redes (Capra 1998: 32). Unha das achegas máis interesantes que nos proporcionou este breve estudio foi precisamente a constatación da aparición do novo paradigma.

Como xa indicamos no apartado da metodoloxía, traballamos cun grupo de dez estudantes de materias de galego, nados en Cataluña e sen vinculación familiar con Galicia, que distribuímos en tres grupos segundo a procedencia dos pais: fillos de inmigrantes (FI), fillos de cataláns (FC) e mixto (FM), aínda que só utilizamos esta clasificación cando era significativa.

No discurso destes universitarios abrollan algunhas ideas que consideramos de grande importancia respecto aos outros: apertura cara ao diferente, e crenza de que a relación co diferente pode dar lugar a unha transformación da realidade (A1). Ambas as dúas se inscriben nun enfoque holístico e sistémico do contexto lingüístico e cultural que se aparta das concepcións pechadas. Así como o *vello* paradigma parte da existencia dunha *verdade* única, eterna e inamovible, e, xa que logo, exclúe todo aquilo que a contradiga, o *novo* concibe a realidade como unha serie de visións que se complementan e transforman ao relacionarse. “Podemos concebir así, o contacto lingüístico desde a relación organismo/ecosistema e ver o fenómeno como un proceso no cal o organismo tamén pode provocar cambios nel mesmo ou ben no entorno” (Bastardas 1996: 36).

O sentimento de comprensión cara ao outro, de respecto á peculiaridade e a posibilidade de enriquecemento mútuo non só aparece en relación con Galicia e o resto de Comunidades Autónomas do Estado español (A1), senón que se amplía a todas as culturas que forman parte da sociedade catalana (A3).

É certo que o asentamento continuado de grupos culturais en Catalunya crea nas persoas incertidume e preocupación (A3 e A5), sentimentos naturais ante o descoñecemento de políticas de xestión da diversidade postas en práctica en diversos países e a falta delas por parte dos organismos competentes cataláns. Pero o que si parece quedar claro é a vontade de preservación das outras culturas. Non se advirte medo, e, xa que logo, tampouco posturas excluín-tes que levan ao racismo e á xenofobia, senón posturas que se inscriben na perspectiva da complexidade: xa non é nosoutros ou os outros, senón nosoutros e mais os outros; xa non é a lingua

maioritaria ou as minoritarias, senón un sumatorio de linguas estruturadas nun sistema que dalgún xeito permita a súa convivencia, como podería ser o *principio da subsidiaridade*, proposto por Albert Bastardas¹¹.

No tema identitario (A4) foi onde se cadra apareceron as diferencias máis notables entre os informantes e que vale a pena comentar, dado que a identidade está estreitamente relacionada co comportamento lingüístico. Mentres que os fillos de cataláns declaran unha identidade unicamente catalana, a maioría dos fillos de inmigrantes presentan un baleiro de identidade: non se acaban de sentir nin cataláns nin sequera españois, sentimento que aparece moi vinculado á lingua. Por máis que todos eles falan catalán, non senten a lingua como propia o que lles impide a autoafiliación clara á identidade catalana. A construción da identidade está en proceso: “A identidade non se nos dá dunha vez por todas, senón que se vai construíndo e transformando ao longo da nosa existencia” (Maalouf 1999: 35).

Para rematar, constatamos unha vez máis a necesidade de experiencias interculturais, sobre todo das culturas que forman parte dunha mesma sociedade. Creemos que o ensino é unha plataforma ideal para fomentar o coñecemento de realidades diferentes. Puidemos ver como o paso dos alumnos/as por materias de Filoloxía Galega provocou neles a reflexión en torno a outras culturas, un achegamento a Galicia e á súa xente, e mesmo unha revisión da cultura propia. Por outra parte creemos importante salienta a necesidade de saír do illamento, e artellar a defensa conxunta de todas as linguas minorizadas, tal como propoñen os nosos estudantes (A2) para as do Estado español. Estamos convencidos de que só desde esta conciencia ecolingüística se pode enfocar o traballo pola preservación da diversidade.

Bibliografía citada

- BASTARDAS, Albert. *Ecología de les llengües. Medi, contactes i dinàmica sociolingüística*. Barcelona: Edicions Proa, 1996.
- “Política lingüística mundial a l’era de la globalització: diversitat i intercomunicació des de la perspectiva de la ‘complexitat’”. *Noves SL* (2002). 8 de maio de 2003
<http://cultura.gencat.es/llengcat/noves/hm02estiu/metodologia/bastardas1_9.htm>
Versión do artigo en inglés:
<http://cultura.gencat.es/llengcat/noves/hm02estiu/metodologia/a_bastardas1_9.htm>
- CAPRA, Fritjof. *La trama de la vida. Unha nueva perspectiva de los sistemas vivos*. Barcelona: Anagrama, 1998. [Edición orixinal: *The Web of life*. Anchor Books. New York, 1996].
- GARCÍA O’MEANY, Margarita. *Jo no sóc racista, però...* Barcelona:

¹¹ Segundo este principio, “todo aquilo que poida facer unha lingua *local* non o debe facer unha lingua *global*”; desta maneira permitiríase e impulsaríase o coñecemento efectivo e masivo doutras linguas, pero outorgándolle sempre que se puidese a preeminencia funcional á lingua de cada grupo lingüístico historicamente constituído. “As linguas chamadas *estranxeiras* serían utilizadas para os contactos exteriores, que cada vez serán máis frecuentes, pero as funcións locais cotiás quedarían claramente asignadas ás propias de cada grupo lingüístico” (Bastardas 2002).

- Intermón Oxfam, 2002.
- IGLESIAS, Ana. *Falar galego: "No veo por qué"*. Vigo: Xerais, 2003.
- KYMLICKA, Will. *La política vernácula: Nacionalismo, multiculturalismo y ciudadanía*. Barcelona: Paidós Ibérica, 2003.
- LABRAÑA, Sabela. "Prexuizos lingüísticos e identificación social". *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Ed. de Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, 1999. 519-532.
- "Identidade e usos lingüísticos. Segunda xeración de inmigrantes galegos en Catalunya". *Ensinar a pensar con liberdade e risco. Homenaxe ao profesor Basilio Losada*. Ed. de Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González. Barcelona: Publicacions de la Universitat de Barcelona, 2000. 463-471.
- MAALOUF, Amin. *Identidades asesinas (Les identités meutières)*. Madrid: Alianza Editorial, 1999.
- MARÍ, Isidor. *Informe per al debat. Una política intercultural per a les Balears?*. Palma de Mallorca: Direcció General de Cultura, Conselleria d'Educació i Cultura (Govern de les Illes Balears), Fundació "SA NOSTRA", 2002.
- MORIN, Edgar. *Los siete saberes necesarios para la educación del futuro (Les sept savoirs nécessaires à l'éducation du futur, 1999)*. Barcelona: Paidós, 2002.
- RUIZ OLABUÉNAGA, José Ignacio. *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Universida de Deusto, 1999.

Labraña Barrero, Sabela e del Castillo Velasco, Eduard. "Catalán e galego. Do coñecemento das linguas á convivencia das culturas". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.